


S03_8. Forxado sanitario illado de madeira contralaminada

1-Descripción do cerramento.

Forxado sanitario sobre cámara ventilada de polo menos 30 cm, apoiado perimetralmente. O forxado está composto por un taboleiro de madeira contralaminada de 10 cm de espesor, sobre o que se coloca o illamento a base de pranchas de fibras de madeira de 8 cm, e despois o solado con recredido de morteiro de cal e area e solado cerámico tomado con cola.

Definición dos materiais

- Capa 1: Taboleiro de madeira contralaminada de 10 cm de espesor.
 Capa 2: Pranchas de illamento de fibras de madeira 8cm de espesor.
 Capa 3: Recrecido de morteiro de cal e area de 5 cm.
 Capa 4: Solado cerámico tomado con cola.



Características dos materiais empregados

Capas	Espesor (m)	Conductividade térmica λ (W/m°C)	Resistencia térmica R (m°C/W)	Densidade ρ (kg/m ³)	Calor específica Ce (J/Kg°C)	Factor de resistencia ao vapor de auga μ	Peso (kg /m ²)	Espesor equivalente Sd (m)
Capa 1	0,10	0,15	0,00	480,00	1.600,00	20,00	48,00	2,00
Capa 2	0,08	0,04	0,00	140,00	2.100,00	3,00	11,20	0,24
Capa 3	0,05	0,50	0,00	1.600,00	1.080,00	6,00	80,00	0,30
Capa 4	0,01	2,30	0,00	2.500,00	1.000,00	30,00	25,00	0,30
TOTAL	0,24			684,17			164,20	2,84

2. -Parámetros globais do cerramento

Espesor: d	0,24 m
Peso: P	164,20 kg
Coefficiente de transmisión térmica: U	0,35 W/m ² °C
Desfase térmico: t	7,61 h
Amortecemento térmico	0,86 %
Espesor de aire equivalente: Sd	2,84 m
Capacidade de acumulación de calor	211,72 KJ/m ² °C
Illamento acústico: RA	42,58 dBA
Demanda de enerxía	1085,35 MJ/m ²
Emisións de CO ₂	-33,04 kg/m ²

3-Prestacións, condicións de uso e recomendacións.

Útil como forxado de planta baixa en contacto co terreo. A cámara de aire deberá estar ventilada. O taboleiro de madeira, apoiado perimetralmente, débese realizarse cunha lámina impermeable, para evitar a suba de humidade por capilaridade dende o perímetro. Aínda que para climas frios, pode haber posibilidade de condensacións na capa 1 (chan de madeira), como o espazo non calefactado adoita estar ventilado, e é a capa en contacto co aire, esta humidade será doadamente evaporada no ambiente do espazo non calefactado polo que non supón un perigo importante.

En caso de maiores necesidades de illamento térmico, o grosor desta capa pódese ampliar, aínda que con eses grosos, o illamento é suficiente para unhas condicións de confort térmico e para cumprir as esixencias o CTE.